

|   |                 |                                     |
|---|-----------------|-------------------------------------|
| DOCUMENTO<br>ANEXOS: CONVENIO FESTA DAS PERAS 2018  | IDENTIFICADORES |                                     |
| OTROS DATOS<br>Código para validación: <b>RKPFN-1ATBX-A6EC2</b><br>Fecha de emisión: 17 de enero de 2019 a las 9:21:22<br>Página 1 de 7 | FIRMAS          | ESTADO<br><b>NO REQUIERE FIRMAS</b> |



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEDEUME E A COMISIÓN DE FESTAS AS PERAS 2018 PARA O FINANCIAMENTO DAS FESTAS PATRONAIS DURANTE O ANO 2018

Ponte deume, a 11 de decembro de 2018

#### REUNIDOS

Dunha parte, don Bernardo Fernández Piñeiro, DNI nº 32 705 210 - S, Alcalde do Concello de Ponte deume, en nome e representación do concello.

Doutra parte, don Antonio Varela Álvarez con DNI.: 32.571.389 P, en representación da Comisión de Festas As Peras con CIF: G70177431.

Tendo en conta o previsto na base 39 de execución do orzamento do exercicio 2018 do Concello de Ponte deume, polo que se lle concede unha subvención con cargo á aplicación orzamentaria 338.48001 por un importe de 60.000,00 €.

Tendo en conta o artigo 2.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o artigo 2 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume; segundo os cales serán subvencións as disposicións diñeirarias realizadas polo Concello suxeitas ó cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade ou a adopción dun comportamento singular; debendo cumprir os beneficiarios coas obrigas materiais e formais que se establecen; tendo por obxecto estas condutas o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social ou promoción dunha finalidade pública de interese local Co fin de dar cumprimento ó previsto no artigo 22 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume, que establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos, e co obxecto de fomentar e promocionar as festas patronais e para colaborar nas actividades que neste senso se organicen no Concello de Ponte deume,

As partes, segundo interveñen recoñécense reciprocamente capacidade legal necesaria, e

#### EXPOÑEN


**Primeiro.-** Que a Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establece no seu artigo 28 o procedemento de concesión directa de subvencións e que a subvención que se tramita non pode ser obxecto de publicidade e concorrencia ao tratarse de actividades concretas realizadas por unha única entidade.

Que o Concello de Ponte deume, de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume (BOP nº 142-21/06/2008), pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento Xeral municipal.


**Segundo.-** Que a actividade presenta un claro interese público, social e económico xa que a Festa das Peras é un dos eventos máis importantes dentro do calendario eumés con gran arraigo e participación cidadán e de tradición popular, que contribúe a crear o ambiente festivo que reunda beneficiosamente tanto no ámbito social como económico do Concello.

Que a entidade COMISIÓN DE FESTAS AS PERAS 2018 solicita unha subvención para o desenvolvemento das actividades propias da entidade, segundo os datos que constan na memoria das actividades, e que o concello considera de marcado carácter municipal.

**Terceiro.-** Que nin o presidente nin a asociación, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan incurso en suposto ningún aos que se refire o artigo 13.2 da Lei da lei



|   |                 |                                     |
|---|-----------------|-------------------------------------|
| DOCUMENTO<br>ANEXOS: CONVENIO FESTA DAS PERAS 2018  | IDENTIFICADORES |                                     |
| OTROS DATOS<br>Código para validación: <b>RKPFN-1ATBX-A6EC2</b><br>Fecha de emisión: 17 de enero de 2019 a las 9:21:22<br>Página 2 de 7 | FIRMAS          | ESTADO<br><b>NO REQUIERE FIRMAS</b> |



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 76940 RKPFN-1ATBX-A6EC2-637D4E8D2C672130408390419AB2D287DA894007), generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

38/2003 que imposibilitan a obtención da condición de beneficiario, estando a persoa xurídica representada ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, coa Comunidade Autónoma e co Concello de Pontedeume impostas polas disposicións vixentes no momento de sinatura deste Convenio.

**Cuarto.-** Que no orzamento do exercicio 2018 do Concello de Pontedeume existe crédito axeiado e suficiente con cargo á aplicación orzamentaria 338.48001 para facer fronte a este convenio, por importe de 60.000,00 €, segundo o acordo adoptado en tal sentido mediante Resolución da Alcaldía número 45.218 asinada con data do 21/12/2018 a favor de Comisión de Festas das Peras, sendo a súa finalidade o fomento das festas patronais consistente na organización da FESTA DAS PERAS 2018, concretamente nas actuacións (e gastos necesarios para levalas a cabo) que se indican na documentación presentada co número 20180000003973 do 31/08/2018 pola dita Comisión e na que se especifica o programa de actividades das ditas festas dende o xoves 7 de setembro ás 9 da mañá ata o luns 11 de setembro ata a última actuación que comeza ás 23:00 horas.

**Sexto.-** Que a Comisión de Festas das Peras non ten asinado ningún outro convenio nin recibe subvención ningunha ou outros ingresos de calquera outra administración pública ou entes públicos ou privados para o mesmo fin. No caso de variar esta circunstancia, a Comisión comprométese a informar ao Concello de Pontedeume desta situación e a que o importe total das subvencións/achegas concedidas/percibidas non exceda o 100% do custo total das actuacións subvencionables.

Con base no exposto anteriormente, o Concello de Pontedeume e a Comisión de Festas das Peras asinan o presente convenio de colaboración, con base ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**Primeira.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto colaborar coa Comisión de Festas das Peras (en adiante, Comisión) na súa actividade como promotora e organizadora da FESTA DAS PERAS 2018.

A axuda que a Comisión recibe por parte do Concello está destinada a actuacións musicais (orquestras e concertos incluídos no programa de actividades das Festas presentado o 31/08/2018 co NRE 20180000003973 e todos os gastos necesarios para o seu desenvolvemento (dereitos de autor, escenarios, grupos electróxicos, son, luz...) así como a todos aqueles gastos que, de xeito inequívoco, respondan á actividade subvencionada e estean recollidos no dito calendario de actividades.

O beneficiario comprométese a destinar a devandita subvención á realización da actividade fixada, cumprindo o obxectivo sinalado nos parágrafos precedentes.

**SEGUNDA. PERÍODO DE VIXENCIA DO CONVENIO**

O período de vixencia do presente convenio abrangue dende o 01/01/2018 ata o 31/12/2018 tendo o convenio carácter retroactivo polo que se poden achegar como xustificantes de gasto os realizados dende o 1 de xaneiro de 2018.

**TERCEIRA. CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O Concello de Pontedeume destinará a cantidade máxima de 60.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 338.48001.

**CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán subvencionables os gastos derivados do desenvolvemento da antedita actividade, ata un máximo de 60.000,00€, que se realicen dende o 01/01/2018 ata o 20/12/2018, tendo en conta os conceptos e as contías que constan no orzamento estimativo dos gastos.

Con carácter xeral non se admitirán como xustificantes facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde. En ningún caso se admitirán como xustificante de gastos as cantidades satisfeitas ao concello polo uso das súas instalación municipais.

|   |                 |                                     |
|---|-----------------|-------------------------------------|
| DOCUMENTO<br>ANEXOS: <b>CONVENIO FESTA DAS PERAS 2018</b>   | IDENTIFICADORES |                                     |
| OTROS DATOS<br>Código para validación: <b>RKPFN-1ATBX-A6EC2</b><br>Fecha de emisión: 17 de enero de 2019 a las 9:21:22<br>Página 3 de 7 | FIRMAS          | ESTADO<br><b>NO REQUIERE FIRMAS</b> |



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Terá a consideración de gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

O orzamento subvencionado a xustificar será o importe total da subvención concedida.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención nominativa do concello, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado a xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, polo menos, o importe do orzamento subvencionado.

Establécese a compatibilidade con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, que poida percibir o beneficiario. Non obstante, o importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

### QUINTA. CONTRATACIÓN .

Corresponderalle á Comisión de Festas As Peras a contratación dos servizos a asistencias así como calquera outro gasto que orixinen as actividades obxecto deste convenio.

No procedemento de contratación, a Comisión de Festas As Peras debe axustarse o estipulado no artigo 31.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

### SEXTA. DOCUMENTACIÓN

Para a plena efectividade deste convenio, deberá achegarse a seguinte documentación:

- Acreditación da personalidade do beneficiario mediante a presentación do CIF da entidade.
- Acreditación da personalidade do seu representante mediante a presentación do DNI da persoa que vai subscribir este convenio.
- Memoria explicativa das actividades que se pretenden levar a cabo coa subvención, incluíndo un orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento.
- Declaración xurada de se foron solicitadas ou non outras subvencións para a mesma finalidade, procedentes das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos dependentes, entes ou sociedades, ou doutros organismos privados.
- Acreditación de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (estado e comunidade autónoma), e en concreto, co Concello de Ponte deume, e coa Seguridade Social, e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro de subvención.
- Declaración responsable de non estar incurso a entidade en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- Certificación dos datos bancarios da entidade.

No caso de que algunha da antedita documentación obrase en poder do concello, exímese da súa presentación.


En todo caso, a devandita documentación deberá constar no momento da sinatura deste convenio.

### SÉTIMA. OBRIGAS DO BENEFICIARIO




RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)  
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695  
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - [www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)

Páxina 3 de 7



|   |                 |                                     |
|---|-----------------|-------------------------------------|
| DOCUMENTO<br>ANEXOS: CONVENIO FESTA DAS PERAS 2018  | IDENTIFICADORES |                                     |
| OTROS DATOS<br>Código para validación: <b>RKPFN-1ATBX-A6EC2</b><br>Fecha de emisión: 17 de enero de 2019 a las 9:21:22<br>Página 4 de 7 | FIRMAS          | ESTADO<br><b>NO REQUIERE FIRMAS</b> |



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 76940 RKPFN-1ATBX-A6EC2-637DMEBD2C672130408390419AB2D287DA894007), generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Son obrigas do beneficiario:

- a) Levar a cabo a totalidade das actividades que se establecen no proxecto presentado ao efecto da obtención desta subvención.
- b) Lucir o logotipo do Concello de Pontedeume nas actividades desenvoltas que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- c) Cumprir coas obrigas que se establecen no artigo 6 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume.

**OITAVA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

A achega do Concello de Pontedeume será abonada á Comisión de Festas As Peras mediante transferencia bancaria ao número de conta ES38 2080 0201 9530 4002 4628 do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe máximo do 90% da subvención, con carácter de anticipo prepagable a xustificar que se aboará no prazo máximo de 5 días dende a sinatura do presente convenio (sempre e cando conste no Concello documentación sinalada na cláusula sexta).

*Segundo prazo*, por importe de 10% restante da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa e detallada do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención especificando as actividades que se realizaron, con expresa mención dos resultados obtidos, incluíndo unha relación dos gastos ocasionados polas actividades que se realizaron e dos ingresos que se obtiveron para as ditas actividades.
- b) Acreditación gráfica do cumprimento de facer constar a colaboración do Concello de Pontedeume en toda a información que se faga das actividades subvencionadas (folletos, carteis, libros, videos, CD's, etc). Isto é, dar adecuada publicidade do financiamento polo Concello das actuacións que son obxecto de subvención, debendo a Comisión facer constar a colaboración do Concello en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se faga das actividades subvencionadas.
- c) Declaración xurada que acredite o cumprimento da finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que se concedeu a subvención.
- d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do seu importe e a súa procedencia ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto. Neste caso expedirase declaración xurada que acredite que non se obtivo ningunha outra subvención ou axuda para a mesma finalidade.
- e) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- Unha relación clasificada de todos os gastos da actividade, con identificación do acredor e dos documentos, o seu importe, data de emisión e data do pagamento - Alta no IAE das empresas prestadoras dos servizos e facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e o xustificante bancario do seu pagamento, que acrediten os gastos realizados. Conforme ao establecido na LXS as facturas deberán ser orixinais ou copias debidamente compulsadas.

As facturas deberán cumprir os requisitos do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En particular, deberán especificar, como mínimo, os seguintes requisitos:

- Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
- Nome, enderezo e CIF do beneficiario da subvención, debendo estar estendidos ao nome da entidade.
- Número de factura e data de emisión.

|   |                 |                                     |
|---|-----------------|-------------------------------------|
| DOCUMENTO<br>ANEXOS: CONVENIO FESTA DAS PERAS 2018  | IDENTIFICADORES |                                     |
| OTROS DATOS<br>Código para validación: <b>RKPFN-1ATBX-A6EC2</b><br>Fecha de emisión: 17 de enero de 2019 a las 9:21:22<br>Página 5 de 7 | FIRMAS          | ESTADO<br><b>NO REQUIERE FIRMAS</b> |



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Importe total. Se figuran varios artigos é necesario que se detallen e se describan os conceptos detallados. Descrición do servizo prestado.

- Detalle do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención deberá facerse constar expresamente na factura.

f) Certificados de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias en xeral (estado e comunidade autónoma), e en concreto, co Concello de Ponte deume, e coa Seguridade Social, e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro de subvención.

Unha vez realizada a actividade subvencionada, o beneficiario deberá presentar a conta xustificativa como máximo o 30/1/2018.

O pagamento final da subvención realizarase logo da xustificación da realización da actividade, nos termos previstos nas cláusulas anteriores. Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003.

O importe dos gastos xustificativos deberá ser, como mínimo, o importe da cantidade asignada neste convenio. En caso de non xustificar o importe total do convenio verase reducido proporcionalmente o importe a percibir.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, os pagamentos que realice a asociación de festas deberán quedar acreditados documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

Non obstante permitirase xustificación de pagamentos en efectivo sempre que o seu importe non supere os 300€ de conformidade co disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, que deberá xustificarse ademais de coa lenda de "pagado" na factura cunha declaración xurada do tesoureiro da entidade, onde quede constancia das facturas que se pagaron en efectivo e das datas do seu pagamento.

De non presentar a xustificación no prazo establecido, ou non desistir de forma motivada e por escrito no dito prazo, e logo de terse requirido para iso, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.


Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local acreditarase o cumprimento da finalidade, que constitúe o obxecto deste convenio, procedéndose á aprobación da conta xustificativa presentada polo beneficiario, e ordenándose o pagamento. Todo isto, sempre e cando a documentación xustificativa fose a correcta.


O pagamento da subvención efectuarase mediante o ingreso na conta bancaria sinalada para o efecto polo beneficiario.

A axuda serán destinadas unicamente a FESTAS DAS PERAS 2018 segundo o sinalado na cláusula primeira.

O Concello de Ponte deume non asumirá, directa ou indirectamente, ningunha outra cantidade en concepto de Festas das Peras relativa ás actuacións subvencionadas que exceda da estipulada neste convenio de colaboración agás a publicidade en medios de comunicación, adecuación do entorno para o adecuado uso e utilización do dominio público municipal, reforzos da policía local e servizos de emerxencias tales como vehículos medicalizados, ademais dos seguintes gastos a continuación enumerados:



|   |                 |                                     |
|---|-----------------|-------------------------------------|
| DOCUMENTO<br>ANEXOS: <b>CONVENIO FESTA DAS PERAS 2018</b>   | IDENTIFICADORES |                                     |
| OTROS DATOS<br>Código para validación: <b>RKPFN-1ATBX-A6EC2</b><br>Fecha de emisión: 17 de enero de 2019 a las 9:21:22<br>Página 6 de 7 | FIRMAS          | ESTADO<br><b>NO REQUIERE FIRMAS</b> |



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 76940\_RKPFN-1ATBX-A6EC2-637DMEBD2C672130408390419AB2D287DA894007), generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento no requiere firmas. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- Gastos de Pregón. Actuación Escola de Música Charamela. Factura: F/2018/2745 - Gastos de Pregón. Ágape protocolario. Torres Vico, Nuria. Factura: F/2018/2750 - Gastos de actos patronais. Boliños de San Nicolás. Liste Mosquera, Estefanía.

Factura: F/2018/3190

- Gastos de comprobación de aparellos de recreo. Previnem. Factura: F/2018/2563 - Gastos de impresión de libretos do recital poético. Lugami. Factura: F/2018/3125 **NOVENA. MODIFICACIÓN**

Toda alteración das condicións que se tiveran en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda que se contempla no presente convenio.

**DÉCIMA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumplimento de calquera das cláusulas establecidas neste convenio.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das contías recibidas.

**DECIMO PRIMEIRA. COMISIÓN SEGUIMIENTO**

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o dito convenio. Esta comisión estará composta en representación do Concello de Pontedeume pola concelleiro/a delegado/a da área de cultura quen poderá delegar no funcionario dese área que estime oportuno, e pola outra parte o representante legal da entidade ou persoa na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

1. Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
2. Interpretar e resolver as dúbidas, que se puideran suscitar na aplicación do convenio.

**DECIMO SEGUNDA. CONTROL FINANCIERO, REINTEGRO DA SUBVENCIÓN E**

**SANCIÓNS**

Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigos 29 e seguintes da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume, a entidade beneficiaria poderá ser obxecto dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón este convenio de colaboración.

A Comisión deberá someterse, cando así se lle requira, ás actuacións de comprobación e control financeiro por parte da Intervención xeral do Concello.

Tamén quedará a dita asociación obrigada a conservar os documentos xustificativos dos fondos percibidos, así como a documentación contable que lle sexa esixida na súa lexislación aplicable, co fin de facilitar as actuacións de comprobación e control No que respecta ao reintegro de subvencións e imposición das correspondentes sancións estarase ao disposto nos artigos 24 e seguintes, 33 e 34 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume.

**DECIMO TERCEIRA. NATUREZA**

Este convenio ten natureza administrativa, as resolucións que se adopten porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante a xurisdición contencioso administrativa.

**DECIMO CUARTA. INTERPRETACIÓN**

|   |                 |                                     |
|---|-----------------|-------------------------------------|
| DOCUMENTO<br>ANEXOS: CONVENIO FESTA DAS PERAS 2018  | IDENTIFICADORES |                                     |
| OTROS DATOS<br>Código para validación: <b>RKPFN-1ATBX-A6EC2</b><br>Fecha de emisión: 17 de enero de 2019 a las 9:21:22<br>Página 7 de 7 | FIRMAS          | ESTADO<br><b>NO REQUIERE FIRMAS</b> |



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Para a resolución de calquera dúbida ou incidencia que poida xurdir durante a execución do obxecto do convenio, aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Ponte deume, e as Bases de execución do orzamento do ano 2018.

En proba da súa conformidade asinan este convenio por triplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O Alcalde

O Presidente da Comisión de Festas das Peras

